Conservatorio Profesional de Música de Ourense
Rúa Pablo Iglesias s/n
32004 - Ourense
tlf. 988391047 - fax 988391971
cmus.ourense@edu.xunta.gal
www.conservatoriourense.org

BASES DO CONCURSO INTERNACIONAL DE COMPOSICIÓN MUSICAL ERASMUS+

«O OLIVO: RAÍCES SONORAS, CULTURAS COMPARTIDAS»

Conservatorio Profesional de Música de Ourense / Centro educativo socio de Turquía

1. Obxecto do concurso

No marco do proxecto Erasmus+ desenvolvido entre o Conservatorio Profesional de Música de Ourense e o seu centro socio de Turquía, convócase un concurso de composición musical co obxectivo de fomentar a creatividade, o intercambio cultural e o diálogo musical entre ambas comunidades educativas.

A iniciativa enmárcase dentro do proxecto *"La cultura del olivo de Adriano a Constantino XI"*, pertencente ao programa Erasmus+ na súa línea KA122. O concurso pretende promover a creación de obras orixinais que teñan como fonte de inspiración o olivo, símbolo de identidade, memoria, paz, resistencia e unión entre culturas, incorporando instrumentos tradicionais e elementos musicais representativos das tradicións de ambos os países implicados.

2. Participantes

Poderá participar no concurso o alumnado dos centros educativos implicados no proxecto Erasmus+, de acordo coas condicións de participación establecidas por cada centro.

No Conservatorio Profesional de Música de Ourense:

2.1. Poderán participar todos os alumnos matriculados no Grado Elemental ou Profesional durante o presente curso 2026-2027 no CMUS Ourense.

2.2. As propostas deberán realizarse de forma individual.

2.3. Cada participante poderá presentar todas as propostas que desexe.

Conservatorio Profesional de Música de Ourense
Rúa Pablo Iglesias s/n
32004 - Ourense
tlf. 988391047 - fax 988391971
cmus.ourense@edu.xunta.gal
www.conservatoriourense.org

3. Requisitos das composicións

As obras presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

3.1 Temática: o título e a proposta musical deberán estar vinculados ao olivo, á súa simboloxía, á súa contorna natural, á cultura asociada ou á relación entre as tradicións galega e turca.

3.2 Duración: entre 3 e 5 minutos.

3.3 Instrumentación: a composición deberá incluir, como mínimo, un instrumento tradicional. Valoraráse especialmente a integración de instrumentos tradicionais galegos e turcos, así como o diálogo entre linguaxes musicais de ambas as culturas.

3.4 Formato de presentación: as obras deberán entregarse, mediante unha partitura elaborada con programas de edición musical como MuseScore, Finale ou outros programas similares.

3.5 Autoría e orixinalidade: as composicións deberán ser orixinais e inéditas, creadas polas persoas participantes e non premiadas anteriormente noutros concursos.

3.6 Identificación: cada obra deberá incluír un título e os datos identificativos da persoa, así como o centro educativo de procedencia.

3.7 O/A persoa autora deberá adxuntar información complementaria sobre a instrumentación, as intencións artísticas ou os elementos culturais presentes na composición.

4. Presentación e prazo de entrega

4.1. As composicións presentadas serán enviadas por correo electrónico o servicio de almacenamiento na nube a: **international@conservatoriourense.org.** Entregarase a partitura en formato PDF e un arquivo editable do programa empregado.

4.2. Acompañaranse dos siguientes datos:

- Nome e DNI.
- Curso e especialidade.
- Declaración xurada de que a obra é orixinal e inédita

4.3 Ademais será indispensable ter autorizado o uso de imaxen no momento da matrícula (ou facelo no momento de presentar o concurso).

4.4 As composicións deberán presentarse en formato

Conservatorio Profesional de Música de Ourense
Rúa Pablo Iglesias s/n
32004 - Ourense
tlf. 988391047 - fax 988391971
cmus.ourense@edu.xunta.gal
www.conservatoriourense.org

dixital ata o 31 de decembro de 2026, incluído.

4.5. As obras presentadas fóra do prazo ou que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases quedarán excluídas do proceso de selección. Sen prexuizo do exposto,o xurado ten a potestade de ampliar o prazo se así o considerase.

5. Fases do concurso e calendario

O concurso desenvolverase nas seguintes fases:

- Fase 1: Recepción das composición (ata o 31 de decembro de 2026). Recollida das obras presentadas polos participantes dos dous centros educativos.
- Fase 2. Valoración do xurado (Xaneiro de 2027). O xurado avaliará as composicións recibidas e seleccionará as 5 obras finalistas atendendo aos criterios establecidos nestas bases.
- Fase 3. Gravación das obras finalistas (finais de Xaneiro e principios de Febreiro de 2027). As composicións seleccionadas, serán gravadas para a súa difusión e presentación pública na fase final. A organización coordinará cos participantes as condicións e os medios dispoñibles para realizar as gravacións.
- Fase 4. Final internacional e votación pública (finais de Febreiro de 2027). A final celebrarase en formato telemático. As obras finalistas presentaránse ao público a través das gravacións realizadas e abrirase un proceso de votación para que as persoas asistentes ou participantes na actividade poidan elixir a composición que máis lles guste.

A obra gañadora será aquela que obteña o maior número de votos válidos emitidos polo público, de acordo co procedemento de votación que estableza a organización.

As datas concretas, a plataforma de celebración da final e o procedemento de votación comunicáranselles oportunamente ás persoas participantes.

6. Composición e funcións do xurado

6.1. O xurado estará integrado por catro membros:

- Dous profesores ou profesoras do Conservatorio

Conservatorio Profesional de Música de Ourense
Rúa Pablo Iglesias s/n
32004 - Ourense
tlf. 988391047 - fax 988391971
cmus.ourense@edu.xunta.gal
www.conservatoriourense.org

Profesional de Música de Ourense.

- Dous profesores ou profesoras do centro educativo socio de Turquía.
- O Coordinador do Programa Erasmus+ dun dos centros, que actuará de secretarío con voz pero sin voto.

6.2. A presidencia do xurado corresponderalle á persoa titular da Xefatura do Departamento de Composición do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.
6.3. O xurado será responsable de valorar as composicións presentadas e de seleccionar as obras finalistas que accederán á fase de votación pública.
6.4 A decisión do xurado respecto da selección das obras finalistas será adoptada atendendo aos criterios de valoración recollidos nestas bases.

7. Criterios de valoración

7.1. Para a selección das obras finalistas, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

A. Creatividade e orixinalidade: ata 25 puntos.
B. Calidade musical e coherencia compositiva: ata 25 puntos.
C. Vinculación coa temática elexida e coa súa simboloxía: ata 25 puntos.
D. Diálogo intercultural e integración de elementos musicais galegos e turcos: ata 25 puntos.

7.2. A puntuación máxima será de 100 puntos.
7.3. A selección das obras finalistas corresponderá exclusivamente ao xurado. A elección da composición gañadora corresponderá ao público mediante a votación telemática que se realizará na final do concurso.

8. Premio

8.1. A composición gañadora recibirá:

- Un vale por valor de 100 euros.
- Un diploma acreditativo da obtención do premio no Concurso Internacional de Composición Musical Erasmus+.

Conservatorio Profesional de Música de Ourense
Rúa Pablo Iglesias s/n
32004 - Ourense
tlf. 988391047 - fax 988391971
cmus.ourense@edu.xunta.gal
www.conservatoriourense.org

8.2. O premio entregarase á persoa ou ás persoas autoras da obra gañadora, conforme ás condicións que estableza a organización.

9. Difusión das obras e dereitos de autoría

9.1 As persoas participantes conservarán os dereitos de autoría das súas composicións. A participación no concurso implicará a autorización para a gravación, reprodución e difusión das obras finalistas exclusivamente no marco das actividades educativas, culturais e de difusión do proxecto Erasmus+, coa correspondente identificación da autoría e sen finalidade comercial.
9.2 Calquera uso distinto do previsto nestas bases deberá contar coa autorización expresa das persoas titulares dos dereitos correspondentes.
9.3 No caso de participantes menores de idade, as autorizacións necesarias para a gravación e difusión das obras deberán ser facilitadas polas persoas representantes legais, de acordo coa normativa aplicable.

10. Aceptación das bases

10.1 A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.
10.2 Calquera circunstancia non prevista será resolta de común acordo pola organización dos dous centros educativos, garantindo os principios de transparencia, igualdade de oportunidades, participación e respecto á creación artística.

11. Organización

O concurso está organizado polo Conservatorio Profesional de Música de Ourense e o T.C. Ziraat Bankası Güzel Sanatlar Lisesi , no marco do proxecto Erasmus+.